

**OBRADOIRO DE CREACIÓN LITERARIA**  
**CEIP “RAMÓN CABANILLAS” (SANTIAGO DE COMPOSTELA)**  
**Do 9 de maio ao 13 de xuño 2006**

Coordenador: Modesto Fraga

# Caligrama

Andrea

32 anos

um rap um um  
de carcaça  
com um  
camuflado ser  
camuflado e camuflado  
como dorme  
de um caso

# **MEMORIA DA ACTIVIDADE**

## **LUGAR E DATAS DE REALIZACIÓN**

CEIP “Ramón Cabanillas” (Santiago de Compostela).

O presente obradoiro de creación literaria desenvolveuse en cinco sesións de dúas horas cada unha. A primeira delas tivo lugar o día 9 de maio e a última o 13 de xuño de 2008.

A distribución das diferentes sesións levouse a cabo da seguinte maneira:

Venres 9 de maio, de 09:45 a 11:45 horas  
Xoves 22 de maio, de 09:45 a 11:45 horas  
Xoves 29 de maio, de 10:00 a 12:00 horas  
Venres 6 de xuño, de 10:00 a 12:00 horas  
Venres 13 de xuño, de 09:45 a 11:45 horas

## **DESTINATARIOS/AS**

Os/as destinatarios/as deste obradoiro literario foron un total de vinte alumnos/as do CEIP “Ramón Cabanillas”, da cidade de Santiago de Compostela.

O grande interese amosado polos asistentes ao longo de todas e cada unha das sesións, unido á participación directa nas distintas actividades provocou que, en non poucas ocasións, o coordinador ficase gratamente sorprendido perante a inusual habelencia demostrada polos rapaces e rapazas nalgunhas composicións de autoría propia.

Convén enfatizar e valorar, porén, o esforzo dos profesores e profesoras do centro á hora de inculcarlles aos alumnos/as o respecto pola arte en xeral e a literatura en particular, así como o amor pola lingua galega, empregada en todo momento durante o presente obradoiro.

## **OBXECTIVOS**

Os obxectivos principais das diferentes sesións foron os seguintes:

- 1.- Crear un espazo común para, así, estimular o pracer de contar, escoitar e idear de maneira creativa e orixinal.
- 2.- Incentivar o gusto pola lectura impulsando novas estratexias para a escrita.
- 3.- Recoñecer as propiedades esenciais que reúne un texto escrito (corrección, adecuación, e coherencia) e aplicalas posteriormente nas composicións.
- 4.- Descubrir os diferentes enfoques do texto poético.
- 5.- Coñecer en profundidade certos aspectos da linguaxe poética, así como as infinitas posibilidades que a creación nos brinda, tanto consciente como inconscientemente.
- 6.- Desfrutar do acto creativo de maneira natural, libre e responsable.
- 7.- Incentivar o achegamento á literatura galega (tanto aos nosos autores clásicos como aos máis contemporáneos).

## DESENVOLVEMENTO DAS SESIÓNS

### SESIÓN 1

Na primeira das sesións, a partir dun texto de X. H. Rivadulla Corcón, titulado “*A qué veñen as gaivotas a Compostela?*” o grupo traballou o enfoque narratolóxico: voz emisora, narrador omnisciente, autor implícito, explícito, etc.

Co obxecto de procurar unha maior interacción comunicativa entre os rapaces asistentes e o relato proposto, o coordinador improvisou unha mesa de traballo na que se procedeu á lectura de diversos fragmentos localizados nun marco coñecido: a cidade de Santiago. Ese singular motivo serviu para lograr unha familiaridade que, inmediatamente, orixinou un debate a respecto da importancia do aspecto social no ámbito da creación literaria. Decontado, analizáronse os aspectos psicolóxicos das personaxes ficcionais e reparouse na intencionalidade emotiva, na solidariedade e na importancia da convivencia cívica e respectuosa entre os seres humanos e as demais especies animais.

Finalmente, instouse aos participantes a que plasmasen por escrito a súa propia versión do relato e modificasen o texto en función da súa particular interpretación.

### SESIÓN 2

A segunda sesión tivo na poesía o seu centro de atención. Para comezar, o coordinador repartiu entre os asistentes o material necesario para abordar o universo poético facéndolle entrega aos alumnos dalgúns fundamentos fonéticos e fonolóxicos da métrica. Logo dunha pormenorizada explicación, analizáronse diferentes textos poéticos de autores/as da literatura escrita en lingua galega (Rosalía de Castro, Eduardo Pondal, Ramón Cabanillas, Manuel Antonio, Luís Pimentel, Álvaro Cunqueiro, Méndez Ferrín...) e puxéronse en relación coa explicación teórica antes exposta.

Así, inspirándonos no manual “Arte Literaria” do profesor Claudio Rodríguez Fer, levouse a cabo unha sesión integramente poética baixo a seguinte denominación:

#### *Exposición temática*

#### 1.1. ALGÚNS FUNDAMENTOS FONÉTICOS E FONOLÓXICOS DA MÉTRICA.

**A poesía:** É unha forma de comunicación humana que se manifesta por medio das palabras, xa sexan en prosa ou en verso.

**A prosa:** Definimos como prosa a forma natural da linguaxe para expresarnos. Trasladada á escritura, recoñécemola como todo texto escrito da mesma maneira que falamos, respectando todas as regras e normas ortográficas existentes.

**A métrica:** É a parte da Gramática que estuda os elementos do verso, da súa construción e das súas combinacións. As unidades métricas son: a sílaba métrica, o grupo fónico, o verso, a estrofa e o poema.

**A sílaba métrica e o grupo fónico:** Son as unidades métricas menores. Nelas baséanse os ritmos de cantidade, intensidade e tón. A través delas constitúese o verso.

**O verso:** É o conxunto de palabras sometidas a medidas (ou non), ritmo e rima. É doado recoñecelo pola súa disposición na páxina. Chamamos verso, porén, a cada liña escrita dun poema. A súa descrición e clasificación realizase de acordo ao número de sílabas métricas que o compoñen, como primeiro criterio, e á distribución acentual, como segundo criterio. Atendendo ao primeiro criterio, os versos clasifícanse da seguinte maneira:

**Versos de arte menor:** Son os que posúen oito sílabas métricas ou menos. Poden ser:

- **Bisílabos:** 2 sílabas. *Elas* (Rivadulla Corcón)
- **Trisílabos:** 3 sílabas. *Daquela.. chegado... o tempo* (Manuel Forcadela)
- **Tetrasílabos:** 4 sílabas. *Demo fora! Van comigo* (Rosalia de Castro)
- **Pentasílabos:** 5 sílabas. *Porque o mar era* (María do Cebreiro)
- **Hexasílabos:** 6 sílabas. Utilízanse, fundamentalmente, en composicións populares. *Ave, César, ei! Ti fas e desfás* (Díaz Castro)
- **Heptasílabos:** 7 sílabas. *Nunca virás de fóra* (Celso E. Ferreiro)
- **Octosílabo:** 8 sílabas. *Adiós ríos, adiós, fontes* (Rosalia de Castro)

**Versos de arte maior:** Versos de nove sílabas métricas ou máis. Poden ser:

- **Eneasílabos:** 9 sílabas. *Amadas augas esquencidas* (F. Bouza Brey)
- **Decasílabos:** 10 sílabas. *Para tras e pra diante volvendo* (E. Pondal)
- **Endecasílabos:** 11 sílabas. *Lancei as redes cheas de esperanza* (Raúl Gómez Pato)
- **Dodecasílabos:** 12 sílabas. *No val de Vilanova gardando o gando* (Manuel Curros Enríquez)
- **Alexandrinos:** 14 sílabas. *O vento destemido batía nas fenestras* (Ramón Caride Ogando)

**O ritmo:** É a repetición periódica de algo. No verso maniféstase a través de pausas, acentos, e de certos fonemas situados ao final de cada verso.

- **A sinalefa:** Prodúcese cando unha palabra remata en vogal e a seguinte comeza tamén por vogal. Cando isto acontece cóntase só unha sola sílaba. Exp: *Mon-ta-ña al-ta*.
- **A diérese:** Ruptura dun diptongo e formación dun hiato, de maneira que unha sílaba gramatical transfórmase en dúas sílabas métricas. Exp: *Sü-a-ve*.
- **A sinérese:** Conversión dun hiato nun diptongo. Exp: *Roe-dor*.
- **Terminación aguda:** Se a última palabra do verso é aguda, cóntase unha sílaba máis.
- **Terminación esdrúxula:** Se a última palabra do verso é esdrúxula, cóntase unha sílaba menos.
- **Rima consoante:** Dáse cando todos os fonemas son iguais a partir da última vogal acentuada. Denomínase rima perfecta ou total.
- **Rima asoante:** Cando só son iguais as vogais de dous ou máis versos a partir da última vogal acentuada. Denomínase rima parcial.

**A estrofa:** É unha unidade métrica superior ao verso. Consta dunha serie de versos coa mesma estrutura rítmica. A repetición de estrofas pode formar un poema.

**O poema:** Obra literaria realizada totalmente en verso. É a unidade poética superior na que se manifesta a idea e/ou o sentimento que o poeta ansía expresar. Pode estar formado por unha ou varias estrofas, ou mesmo estar construído por versos que non forman estrofas. En ocasións unha soa delas pode constituir un poema.

## 1.2. PRINCIPAIS TIPOS DE ESTROFAS.

**Pareado:** Estrofa de dous versos, de arte maior ou menor, con rima normalmente consoante (AA, aa). Non é preciso que conteñan o mesmo número de sílabas.

*Do mar maior veu un barco cargado de incompetencia  
a deitar mil ondas negras nas ribeiras da conciencia.*

(Gonzalo Navaza)

**Terceto:** Combinación de tres versos endecasílabos que riman o primeiro co terceiro quedando libre o segundo (ABA).

*Estou aquí cavándome as raíces,  
desenterrando testas, ollos, cruces,  
cadeas, medos, berros, cicatrices.*

(Víctor Campio Pereira)

**Cuarteto:** Son catro versos endecasílabos, con rima consoante. O seu esquema é (ABBA)

*Hai tempo que non vexo os vagalumes  
iluminar camiños e silveiras,  
como as estrelas nas antigas eiras  
do ceo alzarse como antigos numes.*

(Xavier Seoane)

**Copla:** Estrofa de catro versos de arte menor (normalmente octosílabos), con rima asoante nos versos pares quedando soltos os impares.

*Deixo amigos por estraños,  
deixo a veiga polo mar,  
deixo, en fin, canto ben quero...  
¡Quén pudiera no o deixar...!*

(Rosalía de Castro)

**Quinteto:** Cinco versos de arte maior, de rima consoantes ou asoante.

*Abril pasaba lento, mirándonos de esguello,  
entre médanos moles que fomos desfacendo  
cos risos que vertiamos no preludio da aurora,  
coa mudez dun salaio detrás dos abruñeiros,  
co gris que posuímos entalados na frouma*

(Alexandre Nerium)

**Oitava Real:** Formada por oito versos endecasílabos, con rima alterna os seis primeiros, e os dous últimos formando un pareado (ABABABCC).

*Os pasos sin destino, os vagorosos  
Soños sobre das canles montesías;  
As proezas dos celtas animosos,  
Nobres recordos dos antigos días;  
O dolmen, o luar, os rumorosos  
Pinos, e as súas rudas harmonías:  
Todo recorda ao bardo as recordanzas  
Da súa infancia, e doces esperanzas.  
(Eduardo Pondal)*

**Décima:** Consta de dez versos octosílabos consoantes.

*Como o que consume alenta,  
enfraquezo desdeixado  
e resisto ben calado  
o que de min se comenta  
con linguaxe virulenta,  
porque Amar non é delito  
nin figuran por escrito  
normas de comportamento  
para atallar no momento  
a enfermidade que cito.  
(Miro Villar)*

**Soneto:** Dous cuartetos máis dous tercetos xeralmente endecasílabos e de rima consoante.

*¡Sementador! O trigo dos beirales  
mostra as espigas mestas e douradas,  
e as segadoras fouces, afiadas,  
teñen tráxico brillo de puñales.*

*O teu verbo, estalante nos pinales,  
troca, ó chegar á chouza das valgadas,  
os salaios das gorxas abafadas  
en ruxidos guerreiros e triunfales.*

*A aldea ergueuse no claror da aurora  
agardando a sinal, e non sosega  
en axexo da loita vengadora.  
¡Xa a lus do sol do mediodía cega,  
Sementador! ¡Sementador, xa é hora  
de dar o berro e comezar a sega!  
(Ramón Cabanillas)*

### 1.3. PRINCIPAIS FIGURAS RETÓRICAS.

**Anáfora:** Cando unha serie de frases ou fragmentos comezan da mesma maneira. “Era Galicia un puro val ou oco/ era Galicia a chaira máis espida /era Galicia esquiío vento (Méndez Ferrín)



**Encabalgamento:** Cando a unidade sintáctica dun verso se prolonga no seguinte. “*contra Pérez- osos tempos*” (Carlos Casares)

**Hipérbole:** Exaxeración desmesurada. “*Sinto no peito uns afogos/ que parece que mo morden/ sete ducias de cans dogos*” (Manuel Curros Enríquez)

**Ironía:** Dar a entender burlescamente o contrario do que se di. “*¡Que sorte e qué ledicia/ vivir neste mundo tan ben feito, tan xusto e tan feliz!*” (Manuel María)

**Metáfora:** Substitución dun elemento por outro co que se relaciona por semellanza. “*Dime a onde vas, miña cerva ferida.*” (Álvaro Cunqueiro)

**Paralelismo:** Falamos de paralelismo cando a repetición é case total, cunha leve variación final. “*Tac, tac, tac/ cuchara de pao/ cunca de madeira  
Tin, tin, tin/ cuchara de prata/ cunca do pazo  
Ton, ton, ton/ cuchara de ouro/ cunca de cristal*”  
(Luís Pimentel)

**Prosopopeia:** Atribución de características propias de seres humanos a elementos que non o son. “*Hoxe cánsanse os paxaros*” (Luís Amado Carballo).

Unha vez rematada a exposición, os asistentes tiveron ocasión de poñer en práctica os coñecementos adquiridos e plasmalos en composicións propias.

### SESIÓN 3

A terceira xuntanza estivo centrada na poesía de vangarda (caracterización, principais correntes [futurismo, dadaísmo, surrealismo, cubismo, creacionismo...], diferentes formas de expresión poemática [palíndromos, acrósticos, caligramas, haikús, tipogramas...], etc.

Durante a primeira hora, os rapaces tiveron ocasión de coñecer as diferentes correntes através de varios exemplos de aproximación á poesía e a outras manifestacións artísticas en xeral.

Posteriormente, os alumnos/as traballaron e crearon cadansúa composición, algunhas delas de certa entidade compositiva.

#### *Exposición temática*

### **A POESÍA E AS SÚAS MANIFESTACIÓNS: A VANGARDA.**

#### 1.1. Caracterización das vangardas

O termo “vangarda” pertence ao léxico militar, designando a parte do exército máis adiantada, a “primeira liña” de combate. No terreo artístico é, pois, a “primeira liña” da creación, a renovación nas formas e contidos para, ao mesmo tempo que se substitúen as tendencias anteriores, enfrontarse co establecido por consideralo obsoleto. Unha das súas características é a actitude provocadora, publicando “Manifestos” nos que se ataca todo o producido anteriormente, ao tempo que se reivindica o orixinal, o lúdico. Aparecen, deste xeito, os diferentes *Ismos* (futurismo, dadaísmo, cubismo...), diversas correntes vangardistas con diferentes fundamentos estéticos, mais cun mesmo denominador común:

1. A loita contra as tradicións, procurando a novidade e a liberdade. 2. O carácter experimental.

Na literatura, e concretamente na poesía, o texto vai ser construído a través da simultaneidade e xustaposición de imaxes. Rómpeuse, tanto coa estrofa, puntuación e cómputo silábico dos versos como coa sintaxe, alterando por completo a estrutura tradicional das composicións. Aparece o "caligrama" ou poema escrito mediante "imaxes visuais" pretendendo rachar coa lóxica sucesividade do feito escrito ou lido.

## 1.2. Principais movementos

### *Futurismo*

Nace en 1909, data en que se publica un Manifesto asinado por Marinetti. Trátase dunha exaltación da máquina, da civilización industrial, do "moderno", no que se inclúe a guerra, a violencia, a forza, a velocidade, etc. Entre os autores máis importantes destacan Maiakovsky e Almada Negreiros.

### *Dadaísmo*

A palabra "dadá" foi usada por primeira vez en 1916 nunha publicación titulada *Cabaret Voltaire*. O dadaísmo, fundado por Tristán Tzara, é unha corrente nihilista, antirracional, destrutora das bases da sociedade á que se opón violentamente, negando mesmo a idea da autoría e do proceso creativo. É o azar, a casualidade, o que vai producir unha determinada obra artística. De aí que unha das técnicas máis usuais sexa a do "collage".

### *Cubismo*

Nace en 1907 e pretende salientar a idea de simultaneidade, dando lugar a unha disposición tipográfica específica baseada nos "Caligramas" de Guillaume Apollinaire; en realidade, poemas que combinan a plástica, o debuxo e a imaxe visual, coa letra escrita.

### *Surrealismo*

En 1924 André Breton publica o Primeiro Manifesto Surrealista. A súa pretensión é conseguir a escrita automática, o fluxo do subconsciente liberado de todas as presións sociais e culturais. A escrita debe ser pura, reflectindo unicamente aquilo que pensamos, sen correccións impostas pola "autocensura" que todos exercemos.

### *Creacionismo*

O seu principal representante é o poeta chileno Vicente Huidobro, que deixou pegadas na obra de Manuel Antonio. Este *Ismo* céntrase na reivindicación do poema como pura recreación interior, sen ningunha imitación da realidade. Debemos compoñer poemas do mesmo xeito que a natureza crea as árbores. Na súa estética destaca o uso da imaxe, non unha imaxe tradicional, senón a imaxe vangardista, irracional, ilóxica, sen relación aparente entre o referente real e o elemento evocado.

### *Neotrobadorismo*

Este nome emprégase para as obras do século XX que recrean o trobadorismo medieval galego-portugués, aínda que algúns autores non o consideran un movemento de vangarda por non

ter presentes as características da poesía vangardista, salvo no caso de Cunqueiro que mestura vangardismo e a recreación das cantigas medievas.

### 1.3. Diferentes formas de expresión poemática

*Disposición acróstica:* Composición poética que forma unha palabra ou frase coas letras iniciais, medias ou finais dos versos. Da lectura vertical do poema obtense unha mensaxe xeralmente encuberta. [Observar exemplos de sonetos acrósticos en lingua galega].

*Caligrama:* Poema visual no que as palabras “debuxan” un animal, unha paisaxe ou calquera outro obxecto. Para crear un caligrama é necesario partir dunha idea: unha palabra, unha expresión, un obxecto que haberá que transformar primeiro en imaxe e despois en poesía. [Ver exemplos de Huidobro, Luz Pozo, Arturo Casas, Joan Brossa].

*Tipograma:* Debuxo realizado mediante caracteres de imprenta. O poeta galego Manuel Antonio foi un innovador neste tipo de creacións. [Ver “*De catro a catro*”].

*Palíndromo:* Conxunto de letras que pode ser lido igual de esquerda a dereita que de dereita a esquerda. [Observar e analizar o poemario “*A torre da derrota*”, de Gonzalo Navaza].

*Disposición en anagrama:* Transposición ou reordenamento de letras. [Poemas de Manuel María, Uxío Novoneyra...]

(\*NOTA: Ver un “Haiku” e comparalo cos textos modernos. Facer un debuxo sobre o seu contido)

## SESIÓN 4

A cuarta sesión consistiu nunha “*Mesa de lecturas*”. O coordinador, apoiado por varios libros de poesía e narrativa, convidou aos asistentes a elixir un volume dos expostos na aula. Entre as obras seleccionadas abordáronse as seguintes:

*Cantarolas*, de Anisia Miranda e Xosé Neira Vilas (Col. Merlín/ Ed. Xerais de Galicia), *A rebelión das rúas*, de Ana Boullón e Pere Tabaruela (Col Branco de Cores/ Sotelo Blanco Edicións), *Negra Sombra. Intervención poética contra a marea negra* (Espiral Maior/Ed. Xerais/Federación de Libreiros de Galicia), *Memorias dun neno labrego*, de Xosé Neira Vilas (Edicións do Castro), *Das sonoras cordas. 15 poetas desde Galicia* (Ed. Eneida) e *37 poemas por man propia* (Col. Bourel).

Posteriormente, encargóuselles aos asistentes a consigna de escribir un texto (en verso ou prosa) a partir da frase tomada como epígrafe.

## SESIÓN 5

A quinta e última sesión estivo inspirada no traballo en grupo a partir da *imitatio* dalgúns aspectos creativo-imaxinativos ideados polos autores máis transgresores, renovadores e modernos. Así, desenvóléronse varios “*Cadáveres exquisitos*”, (adxuntamos un e diversos textos coa presente Memoria) “*Centóns*” e outros *experimentos* que causaron unha moi grata impresión nos alumnos/as.

**Modesto Fraga**  
Santiago de Compostela, xuño de 2008

## BIBLIOGRAFÍA E MATERIAL DE APOIO

- Lardone, Lilia; Andruetto, M<sup>a</sup> Teresa, *La construcción del taller de escritura*. Homo Sapiens, ediciones.
- Rodríguez Fer, Claudio, *Arte Literaria*. Edicións Xerais de Galicia.
- Boullón, Ana/ Tabaruela, Pere, *A rebelión das rúas*. Sotelo Blanco Edicións.
- Miranda, Anisia; Neira Vilas, X. *Cantarolas*. Edicións Xerais de Galicia.
- Neira Vilas, X. *Memorias dun neno labrego*. Edicións do Castro.
- Novoneira, Uxío, *Os Eidos*. Ed. Biblioteca Galega 120. LVG.
- Rivadulla Corcón, X.H, *A qué veñen as gaivotas a Compostela*. Sotelo Blanco Edicións.
- VVAA; *Negra sombra. Intervención poética contra a marea negra*. Federación de Libreiros/ Ed. Xerais/ Espiral Maior.
- VVAA; *Das sonoras cordas. 15 poetas desde Galicia*. Ed. Eneida.
- VVAA; *Por man propia. 37 poemas*. Colección Bourel.